

**Ana Patricia Torres Madureira**, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN RELATIVA Á PROBLEMÁTICA TRIBUTARIA DOS ENCOROS TRANSFRONTEIRIZOS E A VALORACIÓN CATASTRAL DAS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS.**

para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

España é o país europeo con máis grandes presas, un total de 1225. Estas grandes infraestruturas construíronse ao longo do século XX para poder atender as necesidades dunha sociedade que ía evolucionando, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e social do noso país.

Pero en todo este proceso de desenvolvemento e industrialización non se analizou nin valorou o impacto económico, social e ambiental que estas infraestruturas produciron nos territorios onde se implantaron, zonas rurais de todo o país. “Zonas cedentes” dun recurso natural fundamental para o desenvolvemento, a auga.

A lei 51/2002 de 27 decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, garantiu a moitos concellos unha tributación xusta, derivada do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) e coa creación dos Bens Inmóbeles de Características Especiais pola lei 48/2002, do 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario, derivada do Imposto de Bens Inmóbeles de Características Especiais (B.I.C.E.)

Pero non todos os Concellos afectados pola construción dun encoro perciben unha tributación xusta. O I.A.E. e o B.I.C.E. unicamente tribútanse naquelas infraestruturas hidroeléctricas cuxa explotación corresponde a España.

Porque desde o Tratado de Límites de 1864, España e Portugal regularon a xestión compartida dos recursos hídricos nos ríos fronteirizos. No convenio de



1927 sobre o tramo internacional de río Douro establecéronse as primeiras disposicións sobre o uso compartido dos desniveis e as infraestruturas hidráulicas, sentando as bases dunha cooperación internacional para a súa xestión conxunta. Pero é o convenio de Albufeira de 1998 onde se consolidan estes esforzos, adoptando un enfoque integral para a protección e o aproveitamento sostible das augas compartidas, conforme aos principios do dereito internacional e comunitario. Con todo, estes acordos en ningún momento abordaron as implicacións económicas e tributarias para os municipios situados nas zonas afectadas.

Así, no Convenio de Albufeira recóllense os seguintes encoros transfronteirizos: Lindoso, Salas, Picote, Bemposta, Aldeadávila, Saucelle, Pocino, Cedillo, Abrilongo, Alcarrache, Chanza e Miranda, que non aparece, pero si consta.

Deles, Lindoso, que en Ourense afecta aos concellos de Lobios e Entrimo, Picote (Zamora), Bemposta (Zamora), Miranda (Zamora), Pocino (Salamanca) e Abrilongo (Badaxoz) explótanse desde Portugal, polo que, de acordo á lexislación vixente, ningún dos 12 concellos afectados por estes encoros con hectáreas asolagadas e limitacións ambientais, non perciben ningún tipo de ingreso derivado desta grave afección. O resto, un total de 25 Concellos, como as centrais explótanse desde España, perciben os ingresos derivados de I.A.E. e B.I.C.E.

A situación é claramente inxusta e xera un gran agravio comparativo. Xuridicamente non cabe a percepción destes impostos, pero si se poden buscar fórmulas que permiten a estes concellos algunha compensación económica polas afeccións que sofren, unha compensación baseada en criterios obxectivos como os que valoran os B.I.C.E.

Por outra banda esta a polémica valoración catastral das centrais hidroeléctricas, dado que segundo o R.D. 1464/2007 non esta determinada en función da súa potencia instalada, como nos outros tipos de centrais de produción eléctrica como as térmicas ou nucleares, incluíndo coa mesma valoración tamén as de



producción solar ou eólica, se non que vai determinado pola obra civil da infraestrutura, co que o seu valor catastral e menor, tendo como consecuencia unha menor tributación no B.I.C.E. nos concellos nos que están situadas, véndose notablemente prexudicados o minorar a súa recadación.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

**ACORDOS:**

1. Instar o Goberno de España a que estude as posibilidades de establecer compensacións económicas aos concellos con encoros transfronteirizos que non tributan en España.
2. Trasladar este acordo aos Concellos afectados co obxecto de que adopten os acordos que consideren oportunos para lograr esta compensación.
3. Remitir aos diferentes Grupos Políticos do Congreso esta problemática.
4. Instar o Goberno de España a que modifique o R.D. 1464/2007, no que se establece un sistema de valoración uniforme para as construcións de centrais eléctricas térmicas e nucleares, coa inclusión no mesmo das centrais hidroeléctricas, coa retroactividade que permita a normativa vixente.

Ourense, 12 de febreiro de 2025.

44468060K      Firmado digitalmente  
ANA PATRICIA      por 44468060K ANA  
TORRES (R:      PATRICIA TORRES (R:  
V32237471)      V32237471)  
V32237471)      Fecha: 2025.02.12  
10:59:01 +01'00'

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

---

**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**